



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
3906/2017	A Xunta de Goberno Local

MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA ACCIDENTAL DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 15 de xaneiro de 2018 e correccións realizadas na sesión do 29 de xaneiro de 2018, se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 3906/2017. PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ACORDO ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O 15 DE XANEIRO DE 2018, RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SOPORTES PARA COLECTORES DE RSU DO CONCELLO DA ESTRADA

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 20 de decembro de 2017 en relación ao asunto que se trata de seguido.

Visto o expediente tramitado para a contratación do *"SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SOPORTES PARA COLECTORES DE R.S.U., PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA"* (con cargo ao Plan de Obras e Servizos -Plan Concellos 2017-Liña 1).

Visto que dentro do prazo concedido so presentou a oferta a empresa BAYGAR S.L. (CIF B12019659).

Visto que as empresas DENUEVO PUNTO CREATIVO S.L., (CIF B70181680) e ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U., (CIF B70473640) presentan as proposicións fóra de prazo, pois o anuncio de licitación foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 31 de outubro de 2017, abrindo un prazo de quince días naturais contados dende a data da súa publicación (de conformidade co artigo 159.2 do TRLCSP e co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares) para que as empresas interesadas puidesen presentar as súas ofertas. A plica presentada pola empresa DENUEVO PUNTO CREATIVO S.L., foi presentada na Oficina de Correos o día 15 de novembro e comunicado ao departamento de Secretaría Municipal mediante fax, o día 16 de novembro en vez de o 14 de novembro que era o último día para a súa presentación, e o mesmo ocorreu coa empresa ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U., que presenta a plica no Rexistro de Entrada do Concello o día 15 de novembro, cando o prazo rematará o día 14 de novembro, procede a súa exclusión deste procedemento.

Vistas as proposición formulada pola empresa BAYGAR S.L., única admitida a esta contratación.

Vista a acta da reunión da Mesa de Contratación de data 30 de novembro de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



2017 na que se produciu a clasificación de ofertas e a consecuente proposición para que esta Alcaldía realizara Proposta de Adxudicación a favor da empresa BAYGAR S.L.

Visto que presenta a inscrición da indicada empresa no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, o cal, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen esta licitación, considérase suficientemente acreditado o cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores) así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación excluído o IVE.

Vista a fiscalización da Intervención Municipal, segundo informe emitido polo Interventor Accidental con data 05/01/2018.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de 15 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Inadmitir á empresa DENUOVO PUNTO CREATIVO S.L., por presentar a súa plica fóra do prazo de presentación de ofertas.

Segundo.- Inadmitir á empresa ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U., por presentar a súa oferta fóra de prazo.

Terceiro.- Adxudicar o contrato do "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SOPORTES PARA COLECTORES DE R.S.U., PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA" por importe de 363 € (IVE incluído) prezo unitario (ata a cantidade máxima de 64.432,50 euros, IVE incluído), á empresa BAYGAR S.L. (CIF B12019659) con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

Cuarto.- Unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación, requirirase ao adxudicatario para que, nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, formalice o correspondente documento contractual.

Quinto.- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233